



Con relación ao seu escrito presentado por UNITEGA o pasado 25 de xuño, no que solicita aclaración sobre a problemática que suscita a expedición de licencias para os que a precisan por primeira vez na nosa Comunidade Autónoma, infórmase o seguinte:
Primeira.- A normativa galega de caza establece a posibilidade de asinar convenios de colaboración con outras comunidades Autónomas para facilitar a expedición das licencias de caza, sobre a base da reciprocidade. Esta Autonomía amosouse sempre ben disposto a permeabilizar o noso sistema coas demais Comunidades Autónomas sobre as bases establecidas pola lei. Hai dous anos, algunhas autonomías empezaron a amosarse reticentes e limitaron a validez da licenza doutra comunidade Autónoma, para obter a propia, se nela estaba en funcionamento o exame do cazador. Amais delo, outras impuñan outros requisitos de antigüidade na tenza da licenza.

Hai dous meses tivo lugar una reunión en Madrid dos representantes da maioría das autonomías para debater encol desta cuestión. Soprendeu a cerrazón amosada por moitas delas, dada a escasa trascendencia deste requisito e da grande significación económica, sobor de todo para as grandes produtoras de caza, que ten o facilitar a expedición de licenzas para cazadores procedentes doutros lugares.

O acordo preliminar o que se chegou, restrinxido as rexións que tiveran en marcha o exame do cazador, era o de elaborar un acordo para as 7 autonomías con exame, no que se establecera a reciprocidade das licenzas e dos certificados de aptitude. Elaborouse pola Administración Galega, un borrador de convenio e nestes intres estamos a espera de saber cantas rexións, destas sete, van estar dispostas a asinalo e poder activar esa reciprocidade, aínda que fora parcialmente, con esas poucas Autonomías. No acordo explíctase que as que vaian incorporando o exame de cazador e queren sumarse, o poden facer cun escrito de adhesión a este acordo.

Segunda.- As comunidades autónomas que inicialmente, poderían incluírse neste acordo serían as de Asturias, Andalucía, Navarra, País Vasco, Extremadura, Galicia e La Rioja. Esperemos, polo ben de todos os cazadores, que poidamos chegar a ese acordo axiña.

Santiago de Compostela a 11 de xullo de 2012.

O XEFE DO SERVIZO DE CAZA E PESCA FLUVIAL


Jesús B. Marquina Olmedo